REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

XIII Premio *Julián Francisco Suárez Freire* para Mozas e Mozos Investigadores patrocinado por BIDAFARMA e COFANO

A Real Academia de Farmacia de Galicia convoca o Premio *Julián Francisco Suárez Freire* para investigadores nados con posterioridade ao 31 de decembro de 1990 que teñan publicado, como primeiros asinantes, un traballo orixinal realizado total o parcialmente nunha institución galega, sobre un tema relacionado co medicamento desde as súas fases temperás de I+D á cadea de distribución.

O traballo tivo que ser publicado nun volume do ano 2026 dunha revista científica indexada no Journal Citation Reports. Cada candidato poderá concorrer cun único traballo.

O premio consistirá nun Diploma acreditativo e unha dotación económica de 3.000 €. Poderase outorgar un diploma de calidade/excelencia a un segundo traballo que destaque polas súas cualidades. Premio e diplomas outorgaranse solo aos primeros firmantes.

A solicitude, na que se farán constar os datos persoais do candidato (domicilio, teléfono e correo electrónico), acompañarase dunha fotocopia do DNI ou pasaporte, curriculum vitae resumido do candidato, copia do traballo que se presenta ao premio, un resumo salientando a relevancia da contribución científica, o seu impacto e carácter innovador (máximo 3.000 caracteres) e declaración de que o traballo non foi premiado con anterioridade. No caso de que haxa varios primeiros asinantes aos que se recoñeza explícitamente na publicación que contribuíron en igual medida, todos eles deberán cumprir o requisito de idade anteriormente sinalado e presentar a solicitude conxuntamente. De tratarse de traballos en colaboración, deberase achegar a conformidade por escrito para concorrer ao premio do todolos coautores.

Non se aceptarán traballos premiados previamente por outras institucións, nin tampouco de solicitantes, ou nos que participen coautores, de traballos premiados nas convocatorias de 2023, 2024 ou 2025.

A solicitude e documentación completa remitirase por correo electrónico á dirección secretaria@academiadefarmaciadegalicia.gal.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 31 de decembro de 2026.

O xurado encargado de examinar os traballos estará constituído por cinco membros, dos que polo menos tres deberán ser Académicos Numerarios e dous propostos polos patrocinadores. Para a adxudicación do premio terase en conta a orixinalidade, o nivel científico e a posible repercusión do traballo nos ámbitos científico, sanitario, histórico, económico e social. Se ningún dos traballos presentados acadara o nivel requirido, o xurado poderá declarar o premio deserto. Unha vez finalizado o proceso de valoración, o resultado comunicaráselles a tódalas candidaturas presentadas. As decisións do xurado son inapelables.

A entrega do premio efectuarase no acto de Apertura do Curso 2027 da Real Academia de Farmacia de Galicia.

A Academia poderá requirir do/s investigador/es premiado/s a exposición pública do traballo dentro do seu programa de actividades e non poderán concorrer a posteriores convocatorias deste mesmo premio.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2026.

Asdo. Ilmo. Dr. D. Angel Concheiro Nine

Presidente